Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Charca do Alligal

As tres bestas da Charca do Alligal A Charca do Alligal está na parroquia de Codesido, no concello de Vilalba, entre un bosque de bidueiras, illós de auga e terras lamaguentas. Ten feitura de piscina, está murada cun circo de formigón de 30 m. de diámetro e a auga acada os 23º C. Do seu fondo areoso gurgullan varios ollos de augas medicinais, boas para case todas as doenzas, preferentemente para reumatismos e pel. Alí acudiron, e seguen indo, buscando remedio para os seus males, milleiros de persoas, verán e inverno, e ata animais, que de todo houbo, segundo as versións orais. Da Charca do Alligal cóntanse moitas anécdotas sobre curacións e moitos sucedidos que semellan milagres, ademais dunha lenda que nos fala de encantos e doutra, que tamén fala de encantos e de desencantamentos. Da sona daquela curación aínda temos hoxe memoria, por iso é que van moitos dar un baño reparador á Charca do Alligal. E ata se construíu nas proximidades un hotel, con spa, aberto desde 2006.

Image: GE_Charca_Alligal(1).jpg

As tres bestas feridas Aló nos tempos nos que os paxaros tiñan dentes vivían perto da Charca do Alligal tres doncelas irmás. A mala fada quixo que se namorara das tres un malvado con poderes e que ao non ser correspondido fixo que as tres mozas tomasen figura de bestas bravas. Imaxinade o sufrimento das tres mociñas trasmudadas en bestas, non afeitas a andar entre toxos e silvas, agatuñando penedos e sebes, sempre rabuñadas, ensangrentadas e doloridas. A fada, agora boa, quixo que un día descubrisen unha fonte pequerrecha na que as bestas comezaron a fozar coas patas para agrandala e así poder beber. E así o fixeron durante nove días ata formar unha poza; e quedaron milagrosamente limpas de feridas e chagas.

As tres doncelas bonitas Mais, continuamos coa lenda, un día, alguén, unha maga ou unha sabia, viu as tres bestas e sospeitou que non podían ser tal, senón mulleres encantadas naquela figura. A maga achegouse un día ás bestas con tres mazás camoesas, non outras, e ofreceulle unha daquelas mazás camoesas á primeira besta, e ao acabar de comela a besta volveuse moza. Deulla outra á segunda, e outra á terceira, e as tres bestas volvéronse mozas fermosas, primorosas...

Outra lenda da Charca do Alligal Hai tempo foron segar a Castela uns chairegos e o amo preguntoulle a un deles se coñecía a Charca do Alligal. Como dixo que si, explicoulle a maneira de lle desencartar tres fillas que alí tiña. Deulle un saco con tres bolos e pregoulle discreción. Cando chegou á casa, pousou o saco e deitouse, mais a muller, curiosa, abriu o saco, viu os bolos e botoulle o dente a un que comezou a sangrar pola mordedela polo que a muller, asustada, devolveuno ao saco. Ao día seguinte, o home colleu os bolos e foi ata a Charca do Alligal. Tirou un bolo na auga e ao instante saíu unha moza dacabalo dun cabalo branco que lle agradeceu o desencantamento cunha morea de cartos e xoias. Logo, tirou outro bolo e saíu outra moza dacabalo doutro cabalo branco que tamén o agasallou. Botou o terceiro bolo, o que mordera a muller, e de seguido saíu outra rapaza montada nun cabalo branco, pero coxo, pois o cacho de pan era a pata da besta. A moza, aborrecida, quitoulle os tesouros que lle deran as irmás e díxolle que pola súa culpa tiña que quedar alí encantada. Aínda así deulle un pano para a muller. E cando regresaba, por ver como lle quedaría posto á súa muller, presentouno arredor da póla dun carballo. Nunca tal fixera, o carballo arrincouse do chan, houbo un estrondo enorme e disque se pode ver o burato polos arredores do

Alligal.

A fonte das Señoras O Equipo Chaira recolleu ata sete versións, aínda inéditas, nas que se di que é lugar de encantos, que se deixa ver alí unha galiña con pitos e unha muller fiando, e que moitos lle chaman a **Fonte das Señoras**. A máis curiosa di que esta lagoa é neta dunha que hai en Lanzós e filla doutra que está por San Simón ou Vilapedre.

© Antonio Reigosa

Referencias bibliográficas:

Da lenda das tres bestas a referencia é o traballo de Fernando Dióxenes (seud. de Fernando Martínez) e J. Luis García Mato, publicado na serie "Contos e lendas da Terra Chá", *El Progreso*, entre o 7 e o 25 de agosto de 1971, e que se reproduce co mesmo título por J. Luis Novo Cazón, en Caderno de Estudos Chairegos, 4, 2008.

Para a lenda das tres mozas encantadas remitímosvos á escenificación ilustrada dos alumnos de 3º ciclo de Primaria do CEIP Monseivane, Lanzós (Vilalba) que podedes ver neste enlace:

A lenda da Charca do Alligal (CEIP Monseivane, Lanzós, Vilalaba)